



Por extraño que parece, senti que o medo retirábase coma un exambre de mosquitos atrapado polo vento e daba lugar a una intensa curiosidade. Quería saber onde se encontraba e que estaba sucedendo...

Meu nome é Ava Paige, e son os ollos, a mente, a maquinaria que move este lugar. Durante 4 días (8 a 11 de abril) os elixidos deberán utilizar o seu inxenio, a sua habilidade para a supervivencia.

Todo pode ocorrer neste lugar, pero nada está previsto. Só o traballo en equipo pode facer que poidan saír de aquí.

A túa antiga vida acabou e comezaches unha nova. Aprende rápido as regras, escoita e non fales

Regras:

- Cubrir o formulario que se atopa no enlace que atoparán no correo electrónico.
- Deberán ingresar unha cuota de 30€.
- Deberán presentarse as **9:15h** do día **8 de abril** diante do local (Rúa Pena Trevinca, 32)
- Deberán traer consigo a **Autorización paterna/materna de asistencia**, ficha médica (**só se tivo algún cambio á xa entregada**) e a **Tarxeta Sanitaria orixinal** (e talonario de receitas, para seguros privados).
- Queda totalmente prohibido o contacto co exterior, polo que **NON** están permitidos os teléfonos móbiles. En cambio, **SI** poderán traer cámaras de fotos (os móbiles con cámara **NON VALEN**).
- No caso de sobrevivir, deberán ser recollidos o día **11 de abril** diante do local as **20:00h**

Xa poden olvidar todo o que cren coñecer, porque o que os elixidos verán a partir de agora non o viron nin nos seus soños...

CATÁSTROFE RADICAL: UNIDADE DE EXPERIMENTOS LETAIS



Se queren ter algunha posibilidade de supervivencia, deberán seguir os seguintes consellos.

Qué deben levar:

- Pañola, se a teñen.
- Polo do uniforme, se o teñen (posto no momento de incorporarse).
- Roupa para 4 días. Ter en conta que pode facer frío e poden mollarse, co que deberían ter de abondo para mudarse.
- Calzado cómodo e impermeable (2 pares).
- Chuvasqueiro e gorra.
- Toalla, chanclas e útiles de aseo (pasta e cepillo de dentes, xel e champú, etc.).
- Lanterna.
- Saco de durmir.
- Esteira aillante
- Medicación (se estivera tomando alguna).
- Mochila pequena para ruta.
- Utensilios para xantar de metal ou plástico (prato, cunca e cubertos).
- Xantar e merenda para o primeiro día.
- Cantimplora.
- Guías e subguías: libro para guías entregado no Curso de Guías.

Ata aquí a única información que recibirán, a sorte está botada.

Por lóxica, tiña que ser a mente, que lle estaba a xogar unha mala pasada, pero xuraría ver a palabra "CRUEL" garabateada na súa redonda espalda, escrito con grandes letras verdes.

Benvidos/as ao CLARO

Ava Paige

Ministra de C.R.U.E.L.





Ilex 695

Autorización para participar no campamento de Semana Santa

Eu, _____, con DNI _____,

autorizo ao meu fillo/a _____,
con DNI _____ a que asista ao campamento organizado pola Asociación Grupo Scout Ilex que terá lugar dos días 8 ao 11 de abril de 2017 no Parque Natural O Invernadeiro, en Vilariño do Conso (Ourense).

O teléfono ou teléfonos de emerxencia nos que os monitores/as poderán porse en contacto coa familia é/son: _____

En Ourense, a ____ de marzo de 2017.

Asinado,

(Pai/nai/titor(a) legal do/a participante)